

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 10 de abril ata o 30 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexará a colaboración entre a Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria e o consello da Cultura Galega para organización dun programa de accións dirixidas a promover e difundir o uso da lingua galega en todos os ámbitos sociais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que as dúas entidades asinantes son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística onde se reconece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos deben garantir o seu uso normal como lingua oficial sen que ninguén poida ser discriminado por razón de lingua.

Ao mesmo tempo manifestan a vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, e de colaborar no desenvolvemento e implantación do devandito Plan no tecido económico, respondendo á necesidade de poner en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia.

Por este motivo o Consello da Cultura Galega e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, teñen previsto realizar diferentes actuacións conxuntas en materia de normalización lingüística ao longo do ano 2017 como os XIX Encontros de Normalización Lingüística, a mostra Artesa, o encontro sobre o galego e o mundo empresarial, a divulgación da ciencia en galego, entre outros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao perceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 10 de abril de 2017